

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 9 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

- 1.1 22793 (10/POC-003763)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis
Sobre o estado de execución no que se atopa o novo edificio xudicial de Pontevedra, no barrio da Parda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018
- 1.2 23297 (10/POC-003831)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto da escasa representación política que teñen as mulleres nos concellos de menos de tres mil habitantes, así como as medidas previstas para a remediar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 1.3 24026 (10/POC-004003)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 5 máis
Sobre as principais novidades introducidas nos módulos e bases de compensación económica aos avogados e procuradores da quenda de oficio pola prestación do servizo de asistencia letrada e representación gratuítas, así como a incidencia que vai ter esta medida na mellora do servizo para a cidadanía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018
- 1.4 25579 (10/POC-004196)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a intención do Goberno galego de solicitar o aumento dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, especialmente a Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018

- 1.5 26286 (10/POC-004287)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a situación das familias sirias refuxiadas acollidas en Galicia ao abeiro do plan de reasentamento do Goberno central, as medidas reflectidas no plan de acollemento anunciado polo Goberno galego no ano 2015 e a atención que lles está a prestar ou a prevista ás acollidas en Galicia, nomeadamente tralo remate das axudas do plan estatal, así como as actuacións que está a desenvolver para facilitar e mellorar a súa inclusión social
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 7798 (10/PNC-000817)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual redacción do borrador do decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017
- 2.2 22009 (10/PNC-001793)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia coa CRTVG para recuperar a delegación da radio e a televisión pública na cidade de Pontevedra no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 236, do 10.01.2018
- 2.3 26269 (10/PNC-002030)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre a publicación pola Xunta de Galicia durante tres meses, no Portal de transparencia e Goberno aberto, da información referida aos contratos menores da Administración autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás propositions non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2018

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil

P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira

P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo

S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Juan Manuel Díaz Villoslada

S

Jacobo Moreira Ferro

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Isabel Novo Fariña

P

José Alberto Pazos Couñago

P

Paula Prado del Río

P

Carmen Santos Queiruga

EM

Luis Villares Naveira

EM

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 22793(10/POC-003763)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis

Sobre o estado de execución no que se atopa o novo edificio
xudicial de Pontevedra, no barrio da Parda

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:33
Nº Rexistro: 22793
Data envío: 11/01/2018 13:33:34.850

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Paula Prado del Río, Guadalupe Murillo Solís, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, e María Julia Rodríguez Barreira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Un dos compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia e contido no Plan de Infraestruturas Xudiciais foi a construción dun novo edificio xudicial en Pontevedra, no barrio de A Parda, a carón do actual edificio xudicial. Un investimento dotado cun orzamento de 20 millóns de euros, con capacidade suficiente para albergar adecuadamente tanto os órganos e servizos xudiciais existentes na actualidade como os que poidan ser creados nun horizonte de 15 ou 20 anos, tratando así de adecuar a prestación do servizo público ás necesidades presentes e especialmente ás necesidades futuras.

Unha vez que a Xunta de Galicia dispuso da titularidade da parcela, comezaron a poñerse en marcha todos os trámites: contratación do proxecto, aprobación da licitación, adxudicación e inicio da obra.

O proxecto contempla un inmovible de seis plantas con 21.000 metros cadrados de superficie. Estará comunicado por unha pasarela coa actual sede dos xulgados e permitirá ubicar no mesmo ata 28 unidades xudiciais. A nova sede albergará a xurisdicción non penal: catro xulgados do Social e dous do Mercantil que están na actualidade ubicados no edificio da Audiencia Provincial; tres do Contencioso-Administrativo ubicados na rúa Xermán Adrio, e seis xulgados de primeira instancia que se atopan no actual edificio de A Parda.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

-En qué estado se atopa a execución do novo edificio xudicial de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 11 xaneiro 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:33
Nº Rexistro: 22793
Data envío: 11/01/2018 13:33:34.850

Jacobo Moreira Ferro na data 11/01/2018 13:30:47

Paula Prado Del Río na data 11/01/2018 13:31:06

María Guadalupe Murillo Solís na data 11/01/2018 13:31:30

María Isabel Novo Fariña na data 11/01/2018 13:31:44

César Manuel Fernández Gil na data 11/01/2018 13:32:04

Antonio Mouriño Villar na data 11/01/2018 13:32:10

Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 13:32:24

María Julia Rodríguez Barreira na data 11/01/2018 13:32:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 23297(10/POC-003831)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto da escasa representación política que teñen as mulleres nos concellos de menos de tres mil habitantes, así como as medidas previstas para a remediar

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2018 16:33
Nº Rexistro: 23297
Data envío: 16/01/2018 16:33:06.978



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando, Magdalena Barahona Martín e Paula Vázquez Verao, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Un dos moitos ámbitos onde as mulleres permanecen relegadas a un segundo plano e infrarrepresentadas é o da representación política. Por iso, as administracións públicas deben comprometerse en garantir a igualdade neste ámbito, corrixindo calquera forma de invisibilización.

No ano 2007 o Congreso dos Deputados aprobou a “Lei Orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes”. Nela prescribíse que ningún sexo pode ter unha representación menor ao 40% nas listas electorais. A proporción débese manter cada cinco postos para evitar que as mulleres queden relegadas a un segundo plano.

A proposta é boa -aínda que é debatible que teña sentido poñerlle un teito ao número máximo de mulleres por lista tendo en conta a súa infrarrepresentación xeral-, o problema é que só teñen que cumprir a cota do 40% as poboacións de máis de 3.000 habitantes.

Esta decisión semella non ter moito sentido, xa que tolera que as mulleres continúen sendo desprazadas na política local. Os datos falan claro ao respecto: o 62% das listas dos concellos con menos de 3.000 habitantes contaban con menos dun 40% de mulleres. 301 de 480.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que avaliación fai o Goberno da Xunta da escasa representación feminina nos concellos de menos de 3.000 habitantes?
- 2.ª) Que medidas vai por en marcha para remedialo?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2018 16:31:29

Marcos Cal Ogando na data 16/01/2018 16:31:37

Magdalena Barahona Martín na data 16/01/2018 16:31:53

Paula Vázquez Verao na data 16/01/2018 16:32:01

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 24026(10/POC-004003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 5 máis

Sobre as principais novidades introducidas nos módulos e bases de compensación económica aos avogados e procuradores da quenda de oficio pola prestación do servizo de asistencia letrada e representación gratuítas, así como a incidencia que vai ter esta medida na mellora do servizo para a cidadanía

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24026
Data envío: 23/01/2018 20:22:37.820

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, xustiza e Interior.**

O pasado 5 de xaneiro se publicaban no Diario Oficial de Galicia as ordes polas que se establecen as compensacións económicas aos colexios de avogados e procuradores de Galicia polas actuacións dos seus colexiados e colexiadas no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

Isto supón que, por primeira vez desde o ano 2010, se incrementou o baremo económico que perciben os avogados e procuradores por atender a quenda de oficio, dando así resposta as peticións dos colexios de avogados e procuradores de Galicia, que demandaban reiteradamente a revisión destas cantidades, e poñendo así en valor o traballo que desenvolven estes profesionais adscritos aos servizos de asistencia xurídica gratuíta, que constitúe unha parte esencial do dereito fundamental á tutela xudicial.

Faise cumprir deste xeito o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia gañou a confianza maioritaria dos galegos e das galegas en outubro de 2016 e que recollía expresamente o seguinte compromiso: *“Melloraremos a calidade e eficiencia da asistencia xurídica gratuíta mediante o fomento do papel que desenvolven os profesionais da quenda de oficio, revisando os conceptos e baremos da compensación económica que perciben pola súa actuación. Revisaremos os servizos da asistencia xurídica gratuíta para acomodalos ás últimas reformas lexislativas, e actualizaremos os baremos da contraprestación polo servizo da quenda de oficio, axeitándoos, en todo caso, á media do que se aplica a estes profesionais no resto de España”.*

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24026
Data envío: 23/01/2018 20:22:37.820

1. Cales son as principais novidades introducidas nos módulos e bases de compensación pola prestación do servizo de asistencia letrada e representación gratuítas?
2. Cree o goberno galego que esta medida redundará na mellora do servizo para a cidadanía?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 23/01/2018 20:20:42

César Manuel Fernández Gil na data 23/01/2018 20:20:54

María Isabel Novo Fariña na data 23/01/2018 20:20:58

Alberto Pazos Couñago na data 23/01/2018 20:21:10

Antonio Mouriño Villar na data 23/01/2018 20:21:18

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/01/2018 20:21:29

Jacobo Moreira Ferro na data 23/01/2018 20:21:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 25579(10/POC-004196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a intención do Goberno galego de solicitar o aumento dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, especialmente a Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:51
Nº Rexistro: 25579
Data envío: 07/02/2018 16:51:44.371



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Ministerio Fiscal, órgano de relevancia constitucional e con personalidade xurídica propia, responde exclusivamente a criterios de legalidade, obxectividade, imparcialidade e independencia, polo que se deben evitar inxerencias no seu traballo. Ningún goberno debería pretender tutelalo dirixindo as súas investigacións e o senso do seu proceder.

Esta é a teoría, mais, por desgraza, a práctica é outra ben diferente: o actual ministro de Xustiza, Rafael Catalá, leva xa tres fiscais xerais do Estado (un por ano) ata que atopou a “correa de transmisión” perfecta que buscara sen éxito ao longo destes anos; tanto é así, que recentemente ten relevado a 35 titulares de órganos clave do ministerio público, algúns tan sensibles como as xefaturas da Fiscalía Anticorrupción ou da Audiencia Nacional.

Ao anterior hai que unir que o artigo 324 da Lei de axuízamento criminal establece que as dilixencias de instrución se practicarán durante o prazo máximo de 6 meses dende a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas -18 meses se fose complexa e que podería ser prorrogada por igual ou inferior prazo-, o que vai ter un efecto adverso para conquistar clarexar os feitos delitivos e aos seus responsables. Como advirte a propia asociación “Unión Progresista de Fiscais”, a lei (...) determinará a impunidade dunha boa parte deles como consecuencia do establecemento dun prazo taxado de instrución. Porque o certo é que se corre o risco de que este artigo provoque *de facto* unha amnistía para as tramas de corrupción nos xulgados.

A maiores, o Goberno esquece a insuficiencia de medios persoais e materiais dos xulgados en xeral e da Fiscalía en particular. E isto pode provocar unha amnistía para as tramas de corrupción e a impunidade dos responsables. O propio Goberno galego debería esixirlle ao Goberno do Estado o incremento

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

efectivo dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada, e, de paso, cumprir o propio Decreto 124/2014, do 11 de setembro, en canto ao número de oficinas e á *ratio* ideal por Fiscalía.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a opinión do Goberno galego sobre o relevo polo Fiscal Xeral do Estado de 35 titulares de órganos clave do Ministerio Fiscal, como as xefaturas da Fiscalía Anticorrupción ou da Audiencia Nacional?
2. Coincide o Goberno galego coas declaracións da asociación “Unión Progresista de Fiscais”, relativas a que o artigo 324 da Lei de axuízamento criminal vai provocar *de facto* unha amnistía para as tramas de corrupción nos xulgados?
3. Vaille esixir o Goberno galego ao Goberno do Estado o incremento efectivo dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada?
4. Estase a cumprir en Galicia o Decreto 124/2014, do 11 de setembro?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2018 11:46:19

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2018 11:46:24

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2018 11:46:29

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 26286(10/POC-004287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación das familias sirias refuxiadas acollidas en Galicia ao abeiro do plan de reasentamento do Goberno central, as medidas reflectidas no plan de acollemento anunciado polo Goberno galego no ano 2015 e a atención que lles está a prestar ou a prevista ás acollidas en Galicia, nomeadamente tralo remate das axudas do plan estatal, así como as actuacións que está a desenvolver para facilitar e mellorar a súa inclusión social

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a situación que atinxe as familias refuxiadas acollidas en Galiza.

Galiza acolleu nos últimos anos diversas familias refuxiadas no marco do programa de reasentamento asinado polo Goberno español e as institucións europeas. Alén de que as cifras de acollemento do Estado español son ridículas e un incumprimento flagrante dos seus compromisos internacionais, reflicten o desinterese e a falta de responsabilidade política perante un gravísimo problema humano.

Porén, para as poucas persoas que viñeron ao noso país, o futuro é incerto. Rematadas as axudas do programa fican abandonadas pola administración e sen traballo polo que, nalgúns casos, optaron por migrar a outros territorios comunitarios, como Alemaña; noutros, como acontece con algunha das primeiras familias chegadas a Galiza, tentan sobrevivir con moitas dificultades e nunha situación que tildan de “desesperada”.

En setembro de 2015, a Xunta de Galiza, anunciou que estaba a preparar un Plan de acollemento con capacidade para atender até 300 persoas mais alén do anuncio, pouco ou nada se sabe del.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:56
Nº Rexistro: 26286
Data envío: 15/02/2018 17:56:45.211

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza de cal é a situación na que se atopan as familias sirias acollidas no noso país como parte do programa de reasentamento do Goberno español?

- Que medidas compoñen o Plan de acollemento anunciado polo Goberno galego en 2015?

- Presta ou pensa prestar a Xunta de Galiza algunha atención ás familias refuxiadas acollidas no noso país nomeadamente despois de que estas rematan coas axudas previstas no programa de acollemento estatal?

- Desenvolve algunha acción o Goberno galego para facilitar e mellorar a inclusión social destas familias, especialmente das persoas adultas, a respecto da súa formación laboral e lingüística?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:56
Nº Rexistro: 26286
Data envío: 15/02/2018 17:56:45.211

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 17:52:17

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 17:52:23

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 17:52:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 17:52:28

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 17:52:32

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 17:52:35

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 7798(10/PNC-000817)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa actual redacción do borrador do decreto polo que
se regula o réxime de contratación de persoal investigador
laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 16:58
Nº Rexistro: 7798
Data envío: 07/04/2017 16:58:48.377



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Losada Álvarez, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

No mes de marzo de 2016 a Consellería de Facenda iniciou a tramitación do proxecto de *Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Na Proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular na sesión plenaria do pasado 24 de xaneiro deste ano, na que se insta á Xunta de Galicia a aprobar este decreto, sinalase que a finalidade desta norma é dotar a nosa Comunidade Autónoma dun marco normativo que recolla a importancia que ten o capital humano con maior formación de cara ao progreso e á mellora da calidade de vida dos cidadáns e teña en conta as reiteradas demandas dos membros do colectivo de científicos españois no estranxeiro e doutros colectivos sensibles ás devanditas demandas. Continúa sinalando aquela proposición que Galicia non pode permanecer impasible ante o déficit de persoal altamente formado en tarefas de I+D+i e TT ... en aras de acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador ...

Non obstante, precisamente colectivos de investigadores que veñen prestando servizos con diferentes problemáticas laborais en centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia teñen presentado alegacións e mostrado as súas queixas a respecto deste proxecto de decreto.

O colectivo de investigadores observa que o proxecto é incompatible precisamente co desenvolvemento da carreira investigadora e cos obxectivos propostos nas avaliacións que definirían a renovación de contratos. Denuncian que esta norma excluiría a posibilidade de que a nosa Comunidade puidera contar con investigadores estables, dificultando así a capacidade de atracción e retención de talento en todas as áreas de investigación alleas á Universidades. En definitiva, subliñan, o decreto, na súa actual redacción, frea a capacidade de Galicia para avanzar, innovar e reverter os beneficios da investigación á sociedade.

Grupo Parlamentario

A falta de previsións sobre o persoal de apoio á investigación, a non clarificación entre os supostos de axudas concedidas por outras institucións respecto dos proxectos financiados con fondos propios, a falta de referencias nos contratos predoutorais á realización da tese e, polo tanto, a súa imbricación coas universidades, ou esquecer a traxectoria seguida pola propia Xunta de Galicia con relación aos investigadores contratados con cargo a programas como Ángeles Alvariño, Parga Pondal ou Manuel Colmeiro, son eivas graves que esixen reconducir e revisar o devandito proxecto de decreto con urxencia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a revisar con carácter urxente os termos do proxecto de *Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*, de xeito que se poidan ter en conta as principais inxedanzas do colectivo de investigadores.

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/04/2017 16:51:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/04/2017 16:52:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/04/2017 16:52:15

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/04/2017 16:52:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/04/2017 16:52:38

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 22009(10/PNC-001793)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia coa CRTVG para recuperar a delegación da radio e a televisión pública na cidade de Pontevedra no ano 2018

Publicación da iniciativa, 236, 10.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22009
Data envío: 02/01/2018 17:14:07.738

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 30 de novembro de 2010 a CRTVG pechou, sen aviso previo e de xeito inmediato, a delegación que tiña en Pontevedra, na que traballaban 25 persoas entre persoal técnico e de redacción; 12 delas foron despedidas e os outras 13 foron obrigadas a trasladarse a Vigo para traballar na Delegación provincial da CRTVG. Este grave feito, denunciado no seu día pola sociedade pontevedresa e polo Pleno da Corporación, provocou a perda dos postos de traballo, convertiu a Pontevedra na única capital de provincia galega sen delegación da canle autonómica e tivo como consecuencia unha importante merma, en cantidade e calidade, da cobertura informativa da actividade institucional, política, social, económica e cultural xerada no noso concello.

2. O Pleno e o goberno municipal de Pontevedra acordaron en diversas ocasións a recuperación da delegación da Radio e Televisión galega na cidade, sen que houbera resposta positiva por parte do goberno galego e da CRTVG.

Por outra parte, o goberno galego anunciou que a comezos do ano 2018 iniciara as obras de rehabilitación integral da sede autonómica de Benito Corbal, que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22009
Data envío: 02/01/2018 17:14:07.738

terá usos administrativos e tamén disporá de espazos para a Universidade de Vigo (Campus Crea) e entidades sociais da cidade.

3. A rehabilitación e reutilización da antiga sede da Xunta pode ser unha boa oportunidade para recuperar e por de novo en funcionamento a delegación da radio e televisión galega en Pontevedra. Unha decisión que sen dúbida contribuíría a corrixir unha inxustiza e permitiría dar unha cobertura acaída nos medios públicos á actividade que se produce na cidade.

O edificio de Benito Corbal, pola súa ubicación e dimensións, pode ter características acaídas para acoller esta delegación, que sería perfectamente compatíbel e mesmo beneficiosa para outros usos do espazo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Promover, conxuntamente coa CRTVG, a recuperación da delegación da radio e a televisión pública na cidade de Pontevedra.

2. Estudar a posibilidade de destinar un espazo para esta delegación no antigo edificio da delegación da Xunta en Benito Corbal, que se vai rehabilitar nos vindeiros meses.

3. Levar a cabo estas iniciativas ao longo do ano 2018.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22009
Data envío: 02/01/2018 17:14:07.738

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2018 17:13:09

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2018 17:13:14

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/01/2018 17:13:17

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2018 17:13:19

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2018 17:13:20



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22009

Data envío: 02/01/2018 17:14:07.738

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2018 17:13:26

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 26269(10/PNC-002030)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre a publicación pola Xunta de Galicia durante tres meses,
no Portal de transparencia e Goberno aberto, da información
referida aos contratos menores da Administración autonómica

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26269
Data envío: 15/02/2018 15:58:50.801



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luis Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na **Comisión 1ª**, sobre as obrigas da Lei de transparencia e bo goberno, Lei 1/2016, en canto a duración da información pública dos contratos menores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 18 de xaneiro de 2016, a Xunta de Galicia aprobou unha nova lei de transparencia que se coñece como Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno. Esta lei substitúe, á promovida desde o goberno bipartito do Bloque e PSOE, a Lei 4/2006.

Entre o articulado da lei, lese: “Esa lei establece as obrigas de difusión de determinada información pública a través de internet, concretando un catálogo mínimo de datos que ofrecer. Por outra banda, regula o dereito da cidadanía a solicitar do Goberno calquera outra información pública que xulgue oportuna, concretando os límites dese dereito e establecendo a posibilidade, en todo caso, de recurso contra as resolucións denegatorias emitidas polas administracións.”

Dentro dos seus principios reitores atópase o seguinte: “Principio de accesibilidade universal da información pública, de xeito que tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade, da forma máis autónoma e natural posible.”.

Pois ben, na Administración pública á hora de levar a cabo contratacións, xorde unha diferenciación en canto a modalidades ou tipos de contratación. Uns son os coñecidos por contratos menores e outros son os que se lles esixen



procedementos máis complexos. Os contratos menores tamén requiren dunha tramitación administrativa, pero non é necesario elevar a concurso público, como noutras modalidades de contratación.

O que está a ocorrer no portal de transparencia da Xunta de Galicia é que estes contratos menores non permanecen o suficientemente expostos, son practicamente borrados unha semana despois da súa publicación, o que impide que a súa información poida ser considerada totalmente pública.

Ante esta situación, a resposta que da a Xunta é que o volume de información é tal que por razóns técnicas impiden poder conservar na web todos estes datos.

Pero, concretamente, que tipo de servizo pode considerarse afectados por contratos menores? Por exemplo, moitos das subministracións contratadas para os centros públicos, como son os que corresponde ao material sanitario ou ao consumible, entre outros.

Con todo, atopámonos co dato curioso de que estes contratos menores presentan unha contía que chama poderosamente a atención, debido a que ao longo do 2016, os contratos menores supuxeron un total de 868.960.251,3 (oitocentos sesenta e oito millóns de euros) superando aos contratos negociados, que foron de 148.921.460,4 euros.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- a) Publicar os contratos menores no portal de transparencia da Xunta, como mínimo durante 3 meses, tal e como se recolle para outros contratos, segundo o establecido no artigo 63.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que entra en vigor no mes de marzo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26269
Data envío: 15/02/2018 15:58:50.801



- b) Incluir a pertinencia de que a información publicada sexa a seguinte:
obxecto, duración, o importe de adxudicación, con inclusión do IVE e a
identidade da adxudicataria..

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luis Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 15/02/2018 15:56:28

Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 15:56:36